



## VIÑETAS DESDE O ATLÁNTICO 2024

### VIÑETAS EXPO

Mostras dentro da sección oficial e paralelas ao festival organizadas por entidades colaboradoras.

**Sedes oficiais:** Kiosco Alfonso, Palexco, Palacio de María Pita, Sala Salvador de Madariaga, Casa Museo Picasso, Centro Ágora.

**Sedes colaboradoras:** Circo de Artesáns, A. C. Alexandre Bóveda, Cervezoteca Malte, Pulpeira de Melide, Bar 13.

### VIÑETAS SHOW

A BD levada ao espectáculo de entretemento a través de actividades diarias no Teatro Colón (ciclo de cinema baseado en obras de BD, Viñetas Late Night con entrevistas e un concerto ilustrado).

### VIÑETAS RÚA BD

A parte comercial do Viñetas mantén a súa esencia coa participación de editoras e librarías especializadas en banda deseñada procedentes de todo o territorio español. Este ano ábrese tamén unha porta a Portugal coa participación da editora Chili Com Carne, de Lisboa.

### VIÑETAS MINI

Sección infantil de divulgación e entretemento. Contacómics, obradoiros e un concerto infantil.

### VIÑETAS ÑAM!

Festival gastronómico. Restaurantes locais dedican un prato da carta a personaxes e series de cómic.

### VIÑETAS PRO

Actividades para profesionais e estudantes do sector. Obradoiros, relatorios, revisión de portafolios e encontros sectoriais.

## VIÑETAS INCLUSIVAS

Un plan de inclusión social que integra lingua de signos no Viñetas Late Night no Teatro Colón e se completa cunha semana de actividades destinadas a colectivos desfavorecidos no mes de setembro.

## VIÑETAS DESDE A ESCOLA

Plan para centros de ensino con obradoiros de iniciación ao cómic en maio e visitas guiadas no último trimestre do ano.

## VIÑETAS EXPO

### *Sedes oficiais*

#### **Genie Espinosa**

*Palacio de María Pita*

Gañadora do premio ao autor revelación de Comic Barcelona 2023 e autora do cartel do Viñetas deste ano.

#### **Lucas Varela**

*Kiosco Alfonso*

Autor arxentino, os seus libros veñen publicándose en España desde hai anos, como o seu éxito *Paolo Pinocchio*.

#### **Marcello Quintanilha**

*Kiosco Alfonso*

Brasileiro gañador de dous premios no Festival de Angoulême e un no Comic Barcelona.

#### **Kundo Krunch**

*Kiosco Alfonso*

Premiado autor arxentino, ten xa tres obras editadas no mercado español e galego.

#### **Susanna Martín**

*Palexco*

Ten publicado numerosas novelas gráficas, e nalgunhas colaborou con autores como Miguel Á. Giner Bou ou Fermin Muguruza.

**Marc Torices**

*Palexco*

A súa obra *La alegre vida del triste perro Cornelius* obtivo o premio á mellor obra no Comic Barcelona 2024.

**Paula Mayor: 'Rosalía oculta'**

*Sala Salvador de Madariaga*

Premio Castelo de Banda Deseñada 2023 na modalidade xeral.

**Cristian F. Caruncho: 'O día de San Martiño'**

*Sala Salvador de Madariaga*

Premio Castelao de Banda Deseñada na modalidade infantil e xuvenil.

**Yeyei Gómez**

*Casa Museo Picasso*

Autora con obra publicada en España e Francia, gañadora do Premio Injuve en 2016.

**Jorge Campos**

*Centro Ágora*

O prolífico autor de *Unha mestra en apuros* e outros éxitos da BD galega.

**'Toriyama en Galicia'**

*Sala Salvador de Madariaga*

Unha selección de autores galegos homenaxean o autor de Son Goku e Arale.

**Exposición bibliográfica dos Premios Castelao**

*Palexco*

Espazo para a lectura de exemplares das diferentes edicións dos Premios Castelao da Deputación da Coruña.

**ExpoFanzines**

*Palexco*

Exposición dos fanzines presentados ao 1.º Premio Autobán ao Mellor Fanzine Galego. A mostra conta con espazo de lectura. Organizada por Autobán.

### **Sedes colaboradoras**

#### **Altar Mutante Comix. 10 años de mutación**

*Circo de Artesáns, vestíbulo (rúa de Sto. Andrés, 36, 15003 A Coruña)*

Escolma de páxinas de BD e ilustracións publicadas na revista colectiva de horror e ciencia ficción dirixida por Álvaro López e Luis Sendón.

[x.com/altarmutante](http://x.com/altarmutante)

#### **Ensaio para 30 (Colectiva Chili Com Carne 7)**

*A. C. Alexandre Bóveda (rúa de Sto. Andrés, 36-1.º, 15003 A Coruña)*

Exposición colectiva desta editora portuguesa dedicada desde 1995 á publicación e promoción da BD internacional máis vangardista.

[chilicomcarne.com](http://chilicomcarne.com)

#### **Korgus: Heavy metal cósmico**

*Cervezoteca Malte (rúa Galera, 47, 15003 A Coruña)*

Mostra do cómic de Jorge Peral publicado en Altar Mutante.

[jorgeperal.net](http://jorgeperal.net)

#### **Polbos de BD**

*Pulpeira de Melide (praza de España, 16, 15001 A Coruña)*

Colección de polbos debuxados por autores internacionais de BD. Exposición permanente.

#### **Álvaro López: 'Saíndo do labirinto'**

*Bar 13 (rúa Orzán, 115, 15003 A Coruña)*

«Work in progress» do novo cómic de Álvaro López (*Altar Mutante*).

## **VIÑETAS SHOW**

**Luns 12, 21:30.** Concerto Ilustrado de Sangre de Muérdago, Xulia Vicente e Sekone. En colaboración con Autobán (Teatro Colón).

**Martes 13, 21:30.** Viñetas Late Night. Fermin Muguruza / Susanna Martín. Presenta: Javier Trigales. Con interludios musicais de David L. H. (Teatro Colón). **23:00.** Cinema: *Black is Beltza II: Ainhoa* (Teatro Colón).



**Mércores 14, 12:00.** (Viñetas Mini) Cinema infantil: *Rebelión en la granja* (Teatro Colón). **21:30.** Viñetas Late Night. Genie Espinosa / Jorge Campos. Presenta: Neves Rodríguez. Con interludios musicais de David L. H. (Teatro Colón).

**Xoves 15, 12:00.** (Viñetas Mini) Cinema infantil: *Persépolis* (Teatro Colón). **21:30.** Viñetas Late Night. Kundo Krunch / Lucas Varela. Presenta: Neves Rodríguez. Con interludios musicais de David L. H. (Teatro Colón).

**Venres 16, 21:30.** Viñetas Late Night. Yeyei Gómez / Marc Torices / Marcello Quintanilha. Presenta: Neves Rodríguez. Con interludios musicais de David L. H. (Teatro Colón). **23:00.** Cinema. *Tungsteno* (Teatro Colón).

## VIÑETAS RÚA BD

*(Ademais da programación propia de libeiros e editoriais)*

**Martes 13, 13:00.** Inauguración da figura de Gaspariño (Xaquín Marín)

**18:00.** Sinaturas: Genie Espinosa, Fermin Muguruza, Susanna Martín, Jorge Campos (carpa da Rúa da BD).

**Mércores 14, 18:00.** Sinaturas: Genie Espinosa, Lucas Varela, Kundo Krunch, Jorge Campos (carpa da Rúa da BD).

**Xoves 15, 18:00.** Pasarrúas con Pulpiño Viascón (de María Pita á Rúa da BD). **18:00.** Sinaturas: Lucas Varela, Kundo Krunch, Yeyei Gómez (carpa da Rúa da BD).

**Venres 16, 18:00.** Pasarrúas con Pulpiño Viascón (de María Pita á Rúa da BD). **18:00.** Sinaturas: Marc Torices, Lucas Varela, Kundo Krunch, Marcello Quintanilha, Manuel L. Poy (carpa da Rúa da BD).

**Sábado 17, 12:00.** Sinaturas: Yeyei Gómez, Marc Torices, Kundo Krunch, Marcello Quintanilha, Manuel L. Poy (carpa da Rúa da BD).

**Domingo 18, 12:00.** (Viñetas Mini) Concerto infantil. Chuches Amil (carpa da Rúa da BD).

## VIÑETAS MINI

**Martes 13, 11:00.** Contacómics, con Pablísimo (Biblioteca Monte Alto). *Para nenos de 3-6 anos. Con inscrición previa.*

**12:00.** Obradoiros. Jorge Campos e Irene Sanjuán (Ágora) e Tonecho Otero (Fórum). *Con inscrición previa.*

**Mércores 14, 11:00.** Contacómics, con Pablísimo (Biblioteca Sagrada Familia). *Para nenos de 3-6 anos. Con inscrición previa.*



**12:00.** Obradoiros. Jorge Campos e Tonecho Otero (Ágora) e Irene Sanjuán (Fórum).  
*Con inscrición previa.*

**12:00.** (Viñetas Show) Cinema infantil: *Rebelión en la granja* (Teatro Colón).

**Xoves 15, 12:00.** (Viñetas Show) Cinema infantil *Persépolis* (Teatro Colón).

**Venres 16, 11:00.** Contacómics, con Pablísimo (Biblioteca Mesoiro). *Para nenos de 3-6 anos.*  
*Con inscrición previa.*

**Domingo 18, 12:00.** (Viñetas Rúa BD) Concerto infantil. Chuches Amil (carpa da Rúa da BD).

## VIÑETAS PRO

*Actividades con inscrición previa, só para profesionais ou estudantes de arte.*

**Martes 13, 10:00.** Visita guiada Susanna Martín (Palexco). **12:00.** Taller Xulia Vicente: Linguaxe narrativa na BD (sesión 1) (Biblioteca de Estudos Locais). **17:00.** Visita guiada Genie Espinosa (Palacio Municipal).

**Mércores 14, 10:00.** Visita guiada Kundo Krunch e Lucas Varela (Kiosko Alfonso). **12:00.** Taller Xulia Vicente: Linguaxe narrativa na BD (sesión 2) (Biblioteca de Estudos Locais).

**Venres 16, 10:00.** Revisión portafolios por editores (Circo de Artesáns). **12:00.** Taller Samuel Fernández: Deseño gráfico e BD (Biblioteca de Estudos Locais). **17:00.** Taller Yeyei Gómez (Casa Museo Picasso).

**Sábado 17, 10:00.** Visita guiada: Paula Mayor e Cristian Caruncho (Sala Salvador de Madariaga). **21:30.** Encontro sectorial (Circo de Artesáns).

**Domingo 18, 14:30.** Encontro profesional de editores e libeiros especializados (Circo de Artesáns).

## VIÑETAS ÑAM!

O festival gastronómico do Viñetas.

Varios locais de restauración da cidade dedican un prato da carta a un personaxe de cómic durante a semana do festival, e nalgúns casos, durante todo o mes de agosto.

**Participan:** La Marina by María, Malte, La Checa, Pulpeira de Melide.



Ademais, nos **Xardíns de Méndez Núñez** haberá:

- Unha zona de xogo de entrada libre Piratix e unha zona de xogo de entrada libre Superthings en horario de feira (Méndez Núñez, zona traseira do Copacabana), con reparto diario de cómics de Superthings e sesión de firmas coa presenza de personaxes de Superthings, o martes, o xoves e o sábado ás 18.00.
- Un *foodtruck* con servizo de cátering dentro do apartado Viñetas Ñam!, localizado na zona de *stands* de venda. Con café, bebidas e bocadillos dedicados ao mundo do cómic. Horario de 11.00 a 21.30.

## **VIÑETAS INCLUSIVAS**

Un plan de inclusión social que integra lingua de signos na programación de Viñetas Late Night no Teatro Colón e se completa cunha semana de actividades destinadas a colectivos desfavorecidos no mes de setembro: visitas guiadas e un obradoiro de animación á lectura de obras de temática inclusiva destinado a nenos e nenas.

**Mércores 25 de setembro, 18:30-20:00.** Cómic para rapazallada con discapacidade. Taller con Sonia Hermida Galán. Biblioteca de Durán Loriga. Con inscrición previa.